

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000042.

Excmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores, día 22 de outubro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

INTERVENCIÓN

1. PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA BASE SDE EXECUCIÓN Nº 18.O) DO ORZAMENTO XERAL DE 2025.

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DE PORTES E XUVENTUDE

LICENZAS URBANÍSTICAS

2. CADUCIDADE DA LICENZA URBANÍSTICA PARA 609/2006, PARA DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓN E POSTERIOR CONSTRUCCIÓN DE NOVA EDIFICACIÓN NA RÚA LAMAS DE PRADO, 99 (Expte: 2025/Y008/000004).

3. DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA O ACORDO 3/766 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NO QUE SE ACORDOU A NON CONCESIÓN DA LICENZA URBANÍSTICA PARA A REORGANIZACIÓN DE DÚAS PARCELAS CON EDIFICACIÓNS EN SOLO CLASIFICADO COMO RÚSTICO, NO LUGAR DE TORRÓN, PARROQUIA DE SANTALLA DE ESPERANTE, LUGO.

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

4. CONTRATACIÓN DO SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL PATRIMONIAL -LOTE 1- 4ª PRORROGA CONTRATO 2026-2027. EXP. REF. 2021/C003/000030.

5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MEDIACIÓN E ASESORAMENTO DE SEGUROS. EXP. REF. 2023/C003/000030. 2ª PRORROGA DENDE O 8 DE XANEIRO DE 2026 ATA O 7 DE XANEIRO DE 2027.

6. CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA DRENAXE NO ENTORNO DA PRAZA DO CASTIÑEIRO. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025/C002/000024.

7. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CATRO CARROZAS EN RÉXIME DE ALUGUER PARA A CABALGATA DE REIS 2026. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025/C004/000033.

8. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN, REPOSICIÓN E SUBMINISTRACIÓNS EN ESPAZOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LUGO. CONTRATO RESERVADO A CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL E A EMPRESAS DE INSERCIÓN. EXP. REF.: 2025/C003/000044. ADXUDICACIÓN.

9. CONTRATACIÓN DA OBRA DE ABASTECIMENTO MUNICIPAL DE AUGA NOS NÚCLEOS RURAIS DE SAN AMARO - CASTRO- CONTURIZ. OBRA INCLUÍDA NO PLAN DA DEPUTACION DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025. APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRA E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXP. REF. 2025/C002/000025.

10. CONTRATACIÓN DA OBRA DE MODIFICACIÓN DE ESTRUTURA EN CARRIL DAS FLORES. Exp ref: 2025/C002/000022. ADXUDICACIÓN.

FOMENTO

11. APROBA-LO TEXTO E PROCEDER Á SINATURA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE LUGO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA XXIV EDICIÓN DO ARDE LUCUS.

PERSOAL

12. MODIFICACIÓN DO ACORDO 8/385 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2016), EN EXECUCIÓN DA SENTENZA 00065/2023 DITADA POLO TSX DE GALICIA NO PA 310/2021-S ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 24 DE SETEMBRO DE 2025.

13. REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO NA PRAZA DE POLICÍA LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

14. NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA NA CATEGORÍA DE POLICIA LOCAL.

15. DECLARAR DESERTA A COBERTURA, EN COMISIÓN DE SERVIZOS DOS POSTOS DE XEFE/A DE SECCIÓN DE ATENCIÓN CIDADÁ E XEFE/A DE SECCIÓN DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E MERCADOS LOCAIS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

DEPORTES

16. ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL RELATIVO Á "TOMA DE COÑECEMENTO DA OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA NO CONTRATO DE PATROCINIO CO CLUB DEPORTIVO LUGO, S.A.D. CORRESPONDENTE AO EXERCIZO 2024".

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente,